

PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 15

CONVOCATORIA

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA que terá lugar o día 28 de SETEMBRO de 2009, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

- 1.- Acta anterior. (S. 27.07.09)
- 2.- Toma de posesión do concelleiro don Pablo José Beiro Diz pola candidatura presentada polo Partido Popular ás eleccións locais do 27.05.07.
- 3.- Dar conta de resolucións da Alcaldía.
- 4.- Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as.

ALCALDÍA

- 5.- Proposta da Alcaldía de modificación do acordo do 17.07.07 relativo ós cargos con adicación exclusiva e parcial.
- 6.- Proposta da Xunta de Voceiros relativa ás festividades locais do ano 2010.

XESTIÓN MUNICIPAL

- 7.- Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles.
- 8.- Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.
- 9.- Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas.
- 10.- Ordenanza fiscal reguladora dos dereitos ou taxas pola prestación dos servizos dos cemiterios municipais.
- 11.- Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola recollida do lixo.
- 12.- Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de inspección sanitaria e os de análises químicas, bacteriolóxicas e calquera outras da mesma natureza.
- 13.- Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación dos servizos de sanidade preventiva, desinfección, desinsectación, desratización e destrución de calquera clase de materias e produtos contaminantes ou propagadores de xermes nocivos para a saúde pública prestados a domicilio ou por encargo.
- 14.- Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo das escolas de 1ª etapa de educación infantil.

- 15.- Ordenanza fiscal reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local.
- 16.- Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa e aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo da vía pública a favor de empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil.
- 17.- ordenanza fiscal reguladora dos dereitos e taxas pola concesión de licenzas para construcións, obras e instalacións tramitadas pola Xerencia Municipal de Urbanismo así como pola administración do Concello.
- 18.- Ordenanza fiscal reguladora das taxas por licenzas de actividades e instalacións.
- 19.- Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais.
- 20.- Ordenanza Reguladora dos prezos públicos pola prestación de ensinanzas especiais e outras actividades en establecementos municipais.
- 21.- Ordenanza reguladora dos prezos públicos por utilización das instalacións deportivas municipais, pertencentes o "Instituto Municipal dos Deportes.

ASUNTOS SOCIAIS

- 22.- Aprobación inicial do regulamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF). Expte. 47306/301.

URBANISMO

- 23.- Solicitud de cambio de uso dotacional dunha parcela municipal na rúa Ramón Nieto. Expte. 4724/401.

MOCIÓN

- 24.- Moción do Grupo municipal do BNG relativa á recollida de residuos voluminosos dos municipios pola empresa SOGAMA. Doc. 90131789.
- 25.- Moción do Grupo municipal do PSdeG-PSOE solicitando instar á Xunta de Galicia a posta en marcha do Plan de Modernización dos Colexios Públicos de Infantil e Primaria de Vigo e ampliación dos comedores. Doc. 90132607.
- 26.- Moción do Grupo municipal Popular instando a tramitación necesaria para a construción da nova EDAR. Doc. 90106007.
- 27.- Moción do Grupo municipal Popular instando a presentación dun proxecto de banda ou orquestra sinfónica de Vigo. Doc. 90106009.
- 28.- Moción do Grupo municipal Popular instando a posta en marcha dun plan de austeridade. Doc. 90106012.
- 29.- Moción do Grupo municipal Popular instando realizar a acometida eléctrica da antiga reitoral de Alcobre e autorizar a súa utilización pola AVV de Alcobre. Doc. 90106018.

- 30.- Moción do Grupo municipal Popular relativa ó financiamento dos Concellos polo Ministerio de Economía e Facenda. Doc. 90106020.
- 31.- Moción do Grupo municipal Popular instando o restablecemento dos servizos que se prestaban no Servizo de Axuda no Fogar. Doc. 90106024.
- 32.- Moción do Grupo municipal Popular relativo á estudar a posibilidade de instalar un semáforo no cruzamento das rúas Taboada Leal e Venezuela. Doc. 90106026.
- 33.- Rogos e preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA:

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes conclusos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA no salón de Plenos ás NOVE HORAS do día VINTEOITO DE SETEMBRO, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.
kv.

O ALCALDE,

Vigo, 24 de setembro de 2009
A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Álvarez

M^a Concepción Campos Acuña.

